



REESCRIBIR O MUNDO

Aínda que a súa gran paixón sempre foi o ensino, María Victoria Moreno pasou á historia como unha das autoras galegas máis destacadas do seu tempo. A maior parte da súa produción literaria está destinada a un público infantil e adolescente. De seguro que detrás desta elección está o compromiso da docente vocacional, da profesional que confía en que as novas xeracións sexan quen de facer un pouco mellor o mundo. Nunha entrevista publicada en 2004 deixaba ben ás claras a visión que tiña da rapazada á que lle daba clase e para a que escribía:



A xente maior pensa que ten sempre razón pola experiencia e por intereses creados. Quere meter a mocidade pola súa canle e non entra, nin agora nin nunca. A mocidade é a que tira do mundo, a que o fai cambiar, e iso non se pode parar, sexa para ben ou para mal.

Semanario A Nosa Terra, número 1.157

Nesta ficha imos repasar algunhas obras que María Victoria Moreno escribiu pensando en rapaces e rapazas coma vós:

1973 é o ano da súa estrea literaria. Edicións do Castro publícalle **Mar adiante**, un libro que leva un subtítulo que é toda unha declaración de intencións: **Historias de nenos para nenos**.

A autora, que leva residindo dez anos en Galicia, emprega o noso idioma nunha obra que confesa que soñou.

Nese mundo levado ao papel a protagonista é unha mestra que antes de se enrolar no barco *Arroás* daba clases:



(...) nun colexio moi grande dunha gran cidade. É un colexio moi importante. Ten unha gran entrada, un porteiro uniformado que parece un xeneral, un director con gafas, unhas escaleiras de mármore cheas de testos(...)

Pero a escola do mar é ben diferente. Máis importante que memorizar a táboa de multiplicar é saber do mundo que nos rodea: das estrelas, dos animais... Un ensino no que o alumnado aprende a pensar, a razoar e non só a repetir coñecementos alleos.

ACTIVIDADE



Cóntanos como é a túa escola e o que facedes nela, pero tamén queremos saber algo aínda máis importante: Que outras cousas che gustaría aprender no teu colexio?

En 1983 aparece outro libro moi significativo na traxectoria literaria de María Victoria: **A festa no faiado**. A historia volve estar ambientada en Portosouril, unha pequena vila mariñeira imaxinaria que xa aparecera antes en **Mar adiante**.

No libro **A Festa no faiado** a protagonista é unha boneca que alguén deixou esquecida no último andar dunha casa. Ela mesma conta a súa biografía:

Eu chámome Uxía e nacín, xa non me lembro cando, en Portosouril. Teño o pelo loiro, os ollos azuis e as meixelas gordechadas...



ACTIVIDADE

A autobiografía é a historia dunha persoa escrita por ela mesma. Serías quen de contar a historia da túa vida nun só folio?

A festa no faiado é un exemplo de como as relacións sociais melloran a vida dos protagonistas. A boneca abandonada decide organizar unha comida para que Gato teña amigos. Ata o banquete achéganse ratos e pardais, que comen e contan as súas vidas. A palabra compartida é quen de rematar coa soidade e de integrar a todos os personaxes. Dende ese día, xúntanse todos os domingos para xantaren e conversaren.

A solidariedade é un valor fundamente humano.



Solidariedade:

Axuda ou apoio que, por un sentimento de obriga moral, se lle presta a quen o necesita.

Nesta escola somos persoas solidarias e combatemos o acoso escolar. Ti tamén podes axudar. Queres saber como?

- Ponte sempre no lugar da outra persoa. Non lles fagas aos demais o que non che gusta que che fagan a ti.
- Non lles rías as bromas aos que abusan dos outros. Es máis valente se defendes a persoa agredida.
- Se ves que acosan a alguén na túa escola, fala coa persoa afectada. Demóstralle que estás ao seu carón.
- Se o abuso persiste, pide axuda a unha persoa adulta da túa confianza.



INGREDIENDIENTES: 90% AMIZADE,
5% VAINILLA
5% XOGOS]



En 1993, dentro do libro colectivo *Relatos para un tempo novo*, María Victoria Moreno publicou un texto fermosísimo sobre a amizade entre unha nena *paia* e un neno xitano que van á mesma escola. En “Pan con chocolate”, a autora denuncia o racismo e a marxinação económica que sofre a rapazada xitana, produto dos prexuízos históricos que ten a sociedade contra este grupo étnico.

No relato hai abundante léxico do caló, que é un dialecto do romaní, a lingua propia do pobo xitano.



ACTIVIDADE

A ver se sabes o significado destas palabras en caló. Algunha é moi posible que a uses sen saber da súa procedencia.

Viruxe

Camelar

Churumbel

Molar

Currar

Chungo

Traballar

Gustar

Frío

Neno

Difícil

Conquistar